

Plácido Álvarez Dobaño, na súa condición de voceiro do Grupo Popular na Deputación Provincial de Ourense, con base no previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de bases reguladora do réxime local e ao Regulamento da Corporación, presenta **MOCIÓN PARA INICIAR OS TRÁMITES PARA A CREACIÓN EN OURENSE DO MUSEO GALEGO DA EMIGRACIÓN** para o seu debate en pleno, de acordo á seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ourense é un pobo, unha provincia, que reúne tres características fundamentais: traballadora, creativa e emigrante. Non hai familia que non coñeza o fenómeno da emigración de xeito directo, pois resulta acreditado o gran número de galegos que puxeron en marcha proxectos vitais a milleiros de quilómetros do seu lugar de residencia e nacemento.

Son moitos e moi cualificados os datos e traxectorias que merecen ser tidos en conta para situar en Ourense un espazo museístico que poña en valor a emigración galega e ourensá como un lugar de referencia e atractivo que , paradoxalmente, non existe na actualidade.

O Goberno Provincial de Ourense, tal e como figura no Plan de mandato Ourense 15-19, fixou como obxectivo esta infraestrutura cultural que daría relevo á testemuña da nosa emigración e rendiría homenaxe á valentía, audacia e compromiso dos que deixaron o seu fogar para gañar o seu futuro. Velaí o compromiso constante, e reiterado, da Deputación de Ourense coa nosa emigración, cos residentes no exterior na actualidade e cos que xa non están entre nós pero que foron pioneiros e fixeron que moitos máis dos nosos seguiran os seus pasos.

En virtude do exposto, propónse que o Pleno da Deputación aprobe o seguinte ACORDO

- 1- Que a Deputación de Ourense proxecte e faga realidade o MUSEO GALEGO DA EMIGRACIÓN
- 2- Que a sede de dita infraestrutura cultural sexa o PAZO DE VILAMARÍN

Ourense, 14 de novembro de 2016

Asdo.: Plácido Álvarez Dobaño

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE.-